



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA ENERXÍA ELÉCTRICA PARA OS EDIFICIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

O presente prego ten por obxecto establecer as condicións técnicas para a contratación da subministración da enerxía eléctrica aos edificios da Universidade da Coruña (UDC) cos consumos estimativos que se indican respectivamente no **ANEXO I** deste Prego en base a datos históricos así como a xestión da enerxía xerada pola UDC en base a instalacións de enerxías acollidas ao réxime de produtores especiais de enerxía.

1 Lugar das subministracións

O **ANEXO I** deste prego de prescricións técnicas indícanse os edificios para a subministración cos seus principais datos e enderezos.

2 Facturación

As facturas, deberán enviarse en papel á Reitoría da Universidade da Coruña, Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, Paseo da Maestranza s/n. 15001. A Coruña, así como en soporte informático ao Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (sau@udc.es), estes envíos terán periodicidade mensual, nos 5 primeiros días hábiles de cada mes e incluírán de forma detallada para cada punto de consumo unicamente os seguintes conceptos:

- Período de facturación (entre o primeiro e último día natural do mes).
- Datos xerais do contrato (endereço do subministro, endereço administrativo, NIS, CUPS, nº de contador e tipo, etc.)
- Valores de enerxía activa en kW.h así como os valores de lectura anterior e lectura actual por cada período de consumo e o valor monetario de aplicarlle a este consumo o prezo €/kW.h ofertado. O prezo unitario ofertado será o resultado de aplicarlle á tarifa de último recurso (T.U.R.) na modalidade sen discriminación horaria para potencias menores ou iguais a 10kW, unha porcentaxe de desconto para cada centro e cada período de consumo segundo se establece no **ANEXO III**.
- O prezo máximo será por tanto o fixado pola T.U.R.
- Valores de potencia máxima en kW por cada período de consumo.
- Valores de enerxía reactiva por cada período de consumo en KVar.
- Potencia facturada co valor monetario resultado de aplicarlle a esta potencia o prezo €/kW ofertado. No caso da potencia facturada aplicarase para cada centro un desconto ao prezo fixado pola tarifa de último recurso (T.U.R.). para cada kW contratado e as penalizacións correspondentes en caso de ser aplicables.
- Enerxía activa total en kW.h. e custe total (€).
- Recargos por exceso de potencia (€).
- Recargos por consumo de enerxía reactiva e valor do factor de potencia (€).
- Aluguer do equipo de medida(€).
- Impostos (eléctricos, IVE, etc...) (€)
- Importe total.
- Potencia contratada
- Tarifa de acceso contratada.
- Gráfica comparativa dos consumo mensuais con respecto aos 12 últimos meses.
- Como datos de referencia incluírase o prezo kW.h da T.U.R. así como os descontos para os distintos períodos e o desconto a aplicar no kW contratado de potencia sobre o establecido pola T.U.R. en vigor.



A factura deberá de adaptarse como mínimo ao disposto no **ANEXO IV** nos conceptos de facturación aínda que poderá variar o seu formato.

Os consumos de referencia para estimar os custes anuais de suministro eléctrico serán os do ano 2009. Os datos de consumo pola súa natureza poderán ser variables debido a variacións na climatoloxía, cambio de usos de edificios ou calquera outro factor, e non se poderá soclitar ningún tipo de responsabilidade á UDC estas variacións.

3 Servizos incluídos

En todas as instalacións comprendidas neste contrato incluíranse as accións correspondentes a:

- o Subministración de enerxía eléctrica: Este termo corresponderá á enerxía rexistrada nos equipos de medida en cada un dos periodos de facturación. Este concepto incluírá a facturación por potencia, facturación por consumo de enerxía e facturación por enerxía reactiva de proceder. As medicións destes tres termos no contador deberán de aparecer desglosados para cada período de facturación. Tamén se facturará o exceso de potencia en base á normativa vixente.
- o Aluguer de equipos: As empresas ofertantes establecerán un prezo de aluguer do contador anual que será constante mestres o contrato esté en vigor, en caso que os equipos non pertenczan á UDC o aluguer será facturado segundo os prezos ofertados.
- o Xestión e obtención do cambio de comercializadora actual, se fose necesario, sen interrupción da subministración.
- o Servizo de atención telefónico 24 h 365 días ao ano, incluíndo un teléfono de atención ó cliente ó que dirixirse ante posibles incidencias nas subministracións.
- o Nomeamento dun xestor único da conta para a UDC para a coordinación, asistencia e control do cumprimento da prestación do servizo segundo o establecido na normativa legal e o contido deste prego. Este representante terá competencias para a toma de decisións no momento que sexa necesario. Con periodicidade semestral, e sempre que a UDC o requira, o responsable por parte da empresa adxudicataria despachará co interlocutor que a UDC designe informando sobre deficiencias observadas, medidas adoptadas, incidencias e outros aspectos que poidan interesar á UDC. Este xestor único terá a responsabilidade de coordinar todas as relacións da UDC coa empresa comercializado e coa empresa distribuidora independentemente que no momento que o estime tamén poderá intervir a UDC de forma directa con estes axentes.
- o A empresa adxudicataria disporá de enderezo de correo electrónico, fax e telefono para avisos por parte da UDC. A estes efectos, os licitadores entregarán cuberto xunto coa oferta o anexo II (relación entre universidade e empresa adxudicataria).
- o A empresa adxudicataria estará obrigada a aportar os medios técnicos e humanos precisos para a boa prestación do servizo así como das demais esixencias que se determinan neste prego.
- o As empresas licitadoras estarán incluídas no Rexistro de Comercializadoras de Enerxía Eléctrica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- o A empresa adxudicataria responde fronte a UDC da titularidade da enerxía eléctrica e da súa liberdade de cargas e gravámenes.
- o A empresa adxudicataria proverá do subministro de enerxía eléctrica á Universidade da Coruña en cumprimento dos regulamentos vixentes na actualidade, e a lexislación que se aprobe mentes o contrato estea en vigor.
- o A empresa elaborará informes semestrais sobre o consumo enerxético.
- o A empresa adxudicataria asesorará á UDC en todos os temas comunicados por parte da empresa distribuidora ou calquer organismo sobre as instalacións de subministración eléctrica, como poderían ser xestións con respecto ao cambio, verificacións e inspeccións dos contadores en aluguer, liñas de subministración e sistemas que fan posible a subministración de enerxía eléctrica por parte da compañía distribuidora.
- o A empresa adxudicataria deberá estar en posesión de cantas licencias, permisos ou títulos oficiais precise para cumprir coa prestación obxecto do contrato, sendo pola súa conta todos os gastos e xestións que deriven da súa obtención.



- O adxudicatario está obrigado a cumprir a lexislación ambiental vixente e calquera outra que se aprobe mentres o contrato estea en vigor.
- A empresa licitadora asegurará a UDC a contratación da potencia óptima para reducir as penalizacións por potencia e os custes de acceso a rede sempre co visto e prace da UDC. En base a datos históricos que lle proporcionará a UDC no mes seguinte á formalización do contrato e nas reunións semestrais co responsable da UDC informaráse dos valores óptimos de potencia a contratar e as necesidades técnicas, económicas ou de xestión para realizar o seu cambio que a UDC valorará. A UDC asumirá os custes derivados do incremento da potencia así como dos custes que supoñan os dereitos de acceso e conexión.

Inclúranse tamén as seguintes obrigas de xestións coa empresa distribuidora por parte da empresa adxudicataria:

- A empresa adxudicataria asumirá a representación da Universidade da Coruña ante a empresa distribuidora realizando as xestións necesarias para a resolución dos conflitos que poidan acontecer derivados da calidade e continuidade do subministro, así como a lectura, validación e envío dos rexistros de consumo ante o operador do sistema e a xestión económica do subministro ante o operador do mercado.
- A empresa adxudicataria deberá de intermediar na solicitude dos novos puntos de entronque ou modificacións nos contratos existentes tanto para o consumo coma para a produción de enerxía eléctrica, que a UDC solicite. A dita solicitude deberá de xustificarse por escrito nun prazo de 5 días ante a UDC se así o require esta e solicitar ante a compañía distribuidora un prazo de valoración das devanditas solicitudes que será trasladado á UDC. A empresa deberá de solicitar da UDC todos os datos da instalación precisos para a súa contratación como a existencia ou non existencia de contador propio, potencia a contratar, definición de potencia e tarifas de acceso a contratar, etc...
- A empresa adxudicataria deberá velar pola correcta realización da verificación obrigatorias dos equipos de medida, segundo o estipulado no Regulamento de Puntos de Medida.
- Se a UDC así o demandase o adxudicatario deberá poñer a disposición da UDC ou quen esta determine, en tempo real e sen custe algún toda a información sobre as curvas de carga de potencia cuarto horaria activa (período de integración quince minutos) e reactiva resultantes de calquera dos suministros adxudicados.

4 Melloras nos servizos prestados

Dentro do apartado de melloras incluíranse servizos como:

MELLORAS TÉCNICAS AO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

- Servizos técnicos de auditoría enerxética en consumo eléctrico ofertados.
- Servizos técnicos no asesoramento sobre axudas, subvencións ou actividades de promoción do aforro no consumo de enerxía eléctrica, implementación de enerxías renovables, telemedida e rexistro eléctrico, estudos para a mellora da calidade eléctrica, etc.
- Servizos e sistemas para detectar erros na facturación e lecturas de enerxía.

MELLORAS DOCUMENTAIS E ORGANIZATIVAS AO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

- Aumento da periodicidade e información na elaboración de informes semestrais sobre o consumo enerxético.
- Plan de servizos técnicos de asesoramento para a optimización da factura incluíndo asesoramento sobre diferencias cos marxes establecidos no contrato, bonificacións, penalizacións...
- Proporcionar acceso WEB á facturación para lectura polo usuario da facturación con histórico de polo menos un ano, en calquera caso debería de permitir a exportación dos datos de facturación a formato de folia de cálculo XLS.

5 Características das subministracións

No **ANEXO I** deste prego poden verse as características das subministracións obxecto da contratación, incluíndo: Número de identificación de suministro (NIS), Código Universal para puntos fronteira dos clientes (CUPS), tensión de suministros (MT ó BT), tarifa de acceso e potencia contratada.



Ademais destas características, relacionanse os datos de consumos e potencias medidos entre Xaneiro de 2009 e Decembro de 2009 en cada período.

Por último indicanse tamén os consumos anuais dos anos 2008 e 2007.

6 Calidade das subministracións

A empresa adxudicataria deberá velar pola correcta calidade da subministración eléctrica e realizar as reclamacións á compañía distribuidora cando se incumpan as condicións deste prego de condicións técnicas segundo o que se establece no apartado 7 deste prego.

A calidade da subministración eléctrica estará regulada polo sinalado no Capítulo II, calidade do servizo, do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. A calidade da subministración virá referida aos seguintes aspectos:

- o Continuidade da subministración de enerxía eléctrica, relativa ao número e duración das interrupcións da subministración.
- o Calidade do produto, relativa ás características da onda de tensión, as interrupcións cortas (menores de 3 segundos) e aos ocos de tensión.
- o Calidade na atención e relación co cliente relativa ao conxunto de actuacións de información, asesoramento, contratación, comunicación e reclamación.

6.1 Continuidade da subministración da enerxía eléctrica

A continuidade da subministración ven definida no artigo 101 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Orde 797, do 22 de marzo de 2002 do Ministerio de Economía na que se aproba o procedemento para a súa medida e control (BOE do 13 de abril de 2002). A determinación da continuidade da subministración polas interrupcións basarase nos seguintes parámetros:

1. Tempo de interrupción, igual ao tempo transcorrido dende que esta comeza ata que remata, medido en horas. O tempo de interrupción total será a suma dos tempos de interrupción durante un período determinado.

2. Número de interrupcións. O número de interrupcións total será a suma de todas as interrupcións ocorridas durante un período determinado.

A empresa adxudicataria comprométese a velar polo cumprimento dos índices de continuidade da subministración que se determine regulamentariamente en cada momento.

6.2 Calidade do produto

A calidade do produto ven regulada polo artigo 102 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. A calidade do produto fai referencia ao conxunto das características da onda de tensión. Para determinar a calidade da onda de tensión teranse en consideración as variacións do valor eficaz da tensión e da frecuencia e as interrupcións do servizo e ocos de tensión de duración inferior a tres minutos. Para a determinación destes aspectos seguiranse os criterios establecidos na Norma UNE-EN 50160:2001 (Características da tensión subministrada polas redes xerais de distribución) ou regulamentación que a substitúa e as Instrucións Técnicas Complementarias que dicte o Ministerio de Economía no desenvolvemento do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou aquél que regulamentariamente se determine.

Os límites máximos de variación da tensión de alimentación serán de + 7% da tensión de alimentación declarada ou o límite que o Ministerio de Economía determine en función da evolución da normativa no relativo á normalización das tensións. A frecuencia nominal da tensión subministrada debe ser 50 Hz. Os límites máximos de variación desta frecuencia serán os establecidos na Norma UNE-EN 50160:2001



6.3 Calidade na atención ao cliente

A calidade de atención ao consumidor ven regulada polo artigo 103 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. A empresa adxudicataria estará obrigada ao asesoramento da Universidade da Coruña en materia de contratación, facturación, medida de consumos e calidade de subministración e outros aspectos da subministración da enerxía eléctrica.

A empresa adxudicataria proporcionará unha ferramenta Web ou similar na que se poñan a disposición da UDC toda a información que se requira para a optimización da xestión da subministración eléctrica (consumo total e por períodos horarios da enerxía activa e reactiva, excesos de potencia, facturación) e en particular, se están dispoñibles, as curvas de carga de potencias cuarto horas activas (período de integración quince minutos) ou as lecturas do maxímetro de potencia e as curvas de carga dos consumos horarios de enerxía activa e de reactiva. A empresa adxudicataria informará das potencias a contratar en cada período tarifario con obxecto de minimizar o custe dos accesos á rede, así como de outros parámetros que teñan incidencia no custe do kWh.

A empresa comercializadora deberá de revisar semestralmente os parámetros de penalización na factura e informar á UDC de como mellorar os parámetros de contratación e penalización por reactiva establecendo os parámetros óptimos de contratación ou de compensación de enerxía reactiva.

7 Garantía de subministración

- o A empresa adxudicataria comprométese a velar por que a subministración eléctrica se realice segundo o RD 1955/2000, velando deste xeito en nome da UDC pola continuidade na subministración eléctrica aos edificios contratados interpoñendo nun prazo máximo de 4 horas en horario laboral (8:00 a 22:00 de luns a domingos) dende aviso por parte da UDC reclamacións á empresa distribuidora por fallos na continuidade do servizo. En caso de solicitude por parte da UDC a empresa comercializadora deberá de informar das xestións realizadas así como da previsión de reposición do servizo.
- o A empresa comercializadora velará por que a subministración de enerxía eléctrica se efectue cumprindo os límites mínimos de calidade regulamentarios en cumprimento do capítulo IV do RD 1955/2000.
- o A empresa adxudicataria deberá de trasladar ao cliente todos os descontos ou indemnizacións que sexan recibidas por terceiros por interrupcións na subministración segundo o establecido no RD 1955/2000, en calquera caso deberá de esixir da empresa distribuidora resposta por escrito ás reclamacións interpostas ante esta.
- o Non poderá suspenderse a subministración de enerxía eléctrica destes servizos públicos, salvo nos casos que sinala o artigo 87, suspensión da subministración, do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro.
- o Igualmente non poderá suspenderse a subministración da enerxía eléctrica dos servizos públicos de carácter esencial que sinala o artigo 89, servizos declarados esenciais, do Real Decreto 1955/2000.

8 Visita das instalacións

As empresas licitadoras poderán realizar unha visita das instalacións obxecto do presente contrato previa solicitude ao Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos a través da dirección de correo electrónico sau@udc.es.

9 Instalacións acollidas ao rexime especial de produtores de enerxía (REPE)

A UDC posúe a día de hoxe dúas instalacións fotovoltaicas acollidas ao réxime especial de produtores de enerxía.

A situación e características das instalacións son as seguintes:

- Instalación solar fotovoltaica de 12kW nominais, sita no Centro Cívico Universitario de Ferrol, Esteiro-Ferrol.
- Instalación solar fotovoltaica de 7,5kW nominais, sita no Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC), sita no parque tecnolóxico da UDC, Elviña – A Coruña.



Dentro da oferta indicaráse o % de incremento sobre o prezo do kW.h ofertado para estas instalacións en función do establecido na tarifa regulada en vigor, así como o custe de representación por parte do ofertado para as xestións perante a comisión nacional da enerxía.

A empresa adxudicataria deberá de establecer os trámites oportunos fronte ao representante actual para realizar a partir da sinatura do contrato a representación da UDC perante a Comisión Nacional da Enerxía.

10 Normativa de aplicación

Cumprírase toda a normativa vixente que se refira ás instalacións incluídas neste contrato, normativa laboral ou outras que poidan ser de aplicación. Cando se aprobasen novas normas mentres o contrato estea en vigor tamén serán de obrigado cumprimento. A título meramente informativo algunhas das normas a cumprir son as seguintes:

- o Lei 31/1995 do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servicios de prevención .
- o Real Decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen as tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución da enerxía eléctrica.
- o Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e posteriores modificacións.
- o Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.
- o Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.
- o Real Decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución da enerxía eléctrica.
- o Real decreto 661/2007, de 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.
- o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización das instalacións da enerxía eléctrica e modificacións posteriores.
- o Lei 53/2002, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- o Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público
- o Lei 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.
- o Real Decreto-Lei 6/2000, do 23 de xuño, de Medidas Urxentes de Intensificación da Competencia nos Mercados de Bens e Servizos (Títulos I e II)
- o Real Decreto-Lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia (Capítulo IV e capítulo VIII, Artigo 10.1)
- o Real decreto 2019/1997, de 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.
- o Real Decreto 1634/2006, do 29 de decembro, que establece a tarifa eléctrica a partir do 1 de xaneiro de 2007.
- o Real Decreto 1454/2005, do 2 de decembro, polo que se modifican determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico. (Modifica o RD 2019/1997, o RD 1955/2000, o RD 1164/2001, o RD 2018/1997, o RD 1435/2002 e o RD 436/2004).
- o Real Decreto 1432/2002, de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia e se modifican algúns artigos do Real Decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custes de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custes permanentes do sistema e dos custes de diversificación e seguridade de abastecemento.




- o Real Decreto 1454/2005, do 2 de decembro, polo que se modifican determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico. (Modifica ao RD 2019/1997, ao RD 1955/2000, ao RD 1164/2001, ao RD 2018/1997, ao RD 1435/2002 e ao RD 436/2004)
- o Real Decreto 2351/2004, de 23 de decembro, polo que se modifica o procedemento de resolución de restriccións técnicas e outras normas regulamentarias do mercado eléctrico.
- o Real Decreto 1747/2003, de 19 de decembro, polo que se regulan los sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.
- o Real Decreto 871/2007, de 29 de xuño, polo que se axustan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xullo de 2007
- o Real Decreto-Lei 7/2006, de 23 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes no sector enerxético. (Modifica a Ley 54/1997, do sector eléctrico e a Ley 34/1998, de Hidrocarburos).
- o Lei 17/2007, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, para adaptala ó disposto na Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade

A Coruña, 28 de maio de 2010


O Técnico Superior de Mantementos

Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos



Jesús Manuel Giz Novo

A vicexerente do campus de Ferrol



M.ª Jesús Greja Barreiro
Adeco. M.ª José Brion Sobrido

